

fondos comunitarios para os anos 2004, 2005 e 2006 que, pola súa vez, por aplicación da taxa de cofinanciamento, modifica á alza a contribución financeira das administracións nacionais, e, noutros, reduce o financiamento comunitario sen modificación do cofinanciamento nacional.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades representativas dos sectores afectados e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria «Leader Plus» e os programas de desenvolvemento endógeno de grupos de acción local, incluídos nos programas operativos Integrados e nos programas de desenvolvemento rural (PRODER).*

O Real decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria «Leader Plus» e os programas de desenvolvemento endógeno de grupos de acción local, incluídos nos programas operativos integrados e nos programas de desenvolvemento rural (PRODER), queda modificado como segue:

Un. O punto 3 do artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os programas comarcais determinarán, de forma separada, as estratexias de desenvolvemento que se executarán mediante proxectos de gasto ou investimento por conta de promotores perceptores finais, e o sistema de xestión e funcionamento do programa por conta do grupo de acción local, cuxos gastos non poderán superar o 15 por cento do importe total das dotacións públicas postas ao seu dispor, nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do artigo 15.1, e do 10 por cento, nos demais casos.»

Dous. O primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«Os fondos comunitarios procedentes de FEOGA-Orientación, destinados a cofinanciar os proxectos a que se refire esta norma, transferiranse, nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do artigo 15.1, aos grupos de acción local, directamente ou a través das comunidades autónomas que subscriban o oportuno convenio coa unidade administradora, como autoridade pagadora, do citado fondo. Nos supostos da alínea c) do mesmo precepto, transferiranse, en todo caso, ás comunidades autónomas.»

Tres. O anexo I, no que se refire ás dotacións de fondos comunitarios e contribucións financeiras da Administración xeral do Estado, aprobadas mediante decisións da Comisión, modificativas das decisións aprobatorias dos programas da iniciativa comunitaria «Leader Plus» e, polo que respecta aos fondos FEOGA, sen prexuízo de posteriores correccións financeiras que puidesen derivar da aplicación do artigo 31.2 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, quedan cuantificadas do seguinte modo:

Comunidade Autónoma	Leader Plus	
	FEOGA Euros	AGE (MAPA) euros
Andalucía	88.027.832	15.815.851
Aragón	38.671.315	13.470.509
Principado de Asturias ..	17.401.963	3.063.153
Illes Balears	4.564.280	1.632.723

Comunidade Autónoma	Leader Plus	
	FEOGA Euros	AGE (MAPA) euros
Canarias	14.191.962	2.739.697
Cantabria	9.058.863	1.574.954
Castilla-La Mancha	54.953.790	9.561.960
Castilla y León	70.218.733	11.884.520
Cataluña	25.442.136	8.819.940
Extremadura	32.564.172	5.720.439
Galicia	55.462.623	9.980.219
Madrid	6.411.714	2.177.946
Región de Murcia	12.110.187	2.058.732
Navarra	8.276.333	2.544.147
La Rioja	5.554.052	1.899.636
País Vasco	5.523.799	0
Comunidad Valenciana ..	30.529.884	5.268.101
Programa nacional	23.101.710	14.212.147
Total	502.065.348	112.424.674

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude do previsto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2006

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

7028 *REAL DECRETO 395/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira que opera con artes fixas e artes menores no Mediterráneo. («BOE» 94, do 20-4-2006.)*

O Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece como obxectivo a explotación sustentable dos recursos acuáticos vivos e da acuicultura no contexto dun desenvolvemento sustentable, tendo en conta de xeito equilibrado os aspectos ambientais, económicos e sociais.

O Regulamento (CE) n.º 1626/94 do Consello, do 27 de xuño de 1994, polo que se establecen determinadas medidas técnicas de conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo, regula os requisitos mínimos relativos ás características das principais artes de pesca e as mallas mínimas das redes neste caladoiro.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins os de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, favorecendo o seu desenvolvemento sustentable

e adoptar as medidas precisas para protexer, conservar e rexenerar os devanditos recursos e os seus ecosistemas, adaptando o esforzo da frota á situación destes.

A regulación da pesca con artes fixas está recollida fundamentalmente no Real decreto 1724/1990, do 28 de decembro, polo que se regula o exercicio da pesca marítima con aparello de palangre de fondo no litoral mediterráneo e na Orde do 24 de novembro de 1981, pola que se regula o exercicio da actividade pesqueira con artes fixas no Mediterráneo. A necesaria actualización da citada normativa para este caladoiro fai aconsellable a adopción deste real decreto que regula as características técnicas dos buques con artes fixas, así como a regulación do esforzo pesqueiro no caladoiro mediterráneo.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas do litoral Mediterráneo, así como os sectores afectados e o Instituto Español de Oceanografía. Igualmente, cumpriuse o trámite de comunicación á Comisión establecido no Regulamento (CE) n.º 1626/1994 do Consello, do 27 de xuño de 1994, antes citado.

A Constitución española atribúelle ao Estado, no seu artigo 149.1.19.^a, a competencia para o establecemento da normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2006,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as medidas de ordenación dos buques españois de artes fixas e artes menores que exercen a súa actividade pesqueira no caladoiro Mediterráneo, en augas exteriores, para os efectos de conseguir a óptima adaptación da súa capacidade extractiva ao estado dos recursos.

Para os efectos deste real decreto, as artes fixas e artes menores clasifícanse do seguinte modo:

- a) Artes fixas de enmalle ou enredo.
- b) Palangre de fondo.
- c) Aparellos de anzol.
- d) Artes de parada.
- e) Artes de trampa.

Artigo 2. *Características técnicas dos buques.*

1. As embarcacións de nova construción destinadas a exercer a pesca con artes fixas e artes menores deberán ter un mínimo de cinco metros de eslora total e un arqueo mínimo de 1,5 GT.

2. Ademais, os buques dedicados á pesca con palangre de fondo deberán ter unha eslora entre perpendiculares igual ou superior a nove metros.

3. As embarcacións que teñan como único medio de propulsión o remo ou a vela non poderán exercer actividades pesqueiras en augas exteriores.

Artigo 3. *Esfuerzo pesqueiro.*

1. Non se poderá en ningún caso aumentar o esforzo pesqueiro que exerce cada buque dedicado á actividade con artes fixas ou artes menores, medido tanto en arqueo coma en potencia motora.

2. O período autorizado para exercer a pesca con artes fixas ou artes menores será, para cada buque, de cinco días por semana e 16 horas por día.

En todo caso, os aparellos e artes de pesca incluídos neste real decreto deberán ser retirados do seu calamento durante 41 horas continuadas por semana e transportados a porto.

Quedan excluídos da obriga establecida no parágrafo anterior os buques que utilicen as artes de parada, as embarcacións que estean dedicadas á pesca de túnidos á cacea ou con canas e engado vivo e os buques que exerzan a actividade pesqueira con nasas cuxa tonelaxe sexa superior a 150 GT.

Artigo 4. *Infraccións e sancións.*

As infraccións ao disposto neste real decreto serán sancionadas de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado e, de ser o caso, nas normas regulamentarias do seu desenvolvemento.

Disposición transitoria única. *Autorización especial de actividade.*

Malia o establecido no artigo 2 deste real decreto, aqueles buques cunha eslora entre perpendiculares inferior á indicada, que na data de entrada en vigor deste real decreto estean autorizados para a pesca con palangre de fondo poderán continuar a súa actividade durante a súa vida útil.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1724/1990, do 28 de decembro, polo que se regula o exercicio da pesca marítima con aparello de palangre de fondo no litoral Mediterráneo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto neste real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución e constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro, agás o previsto no artigo 3, que se dita en exercicio da competencia exclusiva en materia de pesca marítima que lle recoñece ao Estado o citado precepto constitucional.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA